



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACION FISICA

REGULAMENTO TÉCNICO

CAMPIONATO UNIVERSITARIO DE NATACIÓN

XUNTA DE GALICIA

A CORUÑA, 24 DE FEBREIRO DE 2026



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Universidade de Vigo



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

1.- Organizador

A Universidade da Coruña, mediante a súa Área de Deportes, serán os organizadores do campionato.

2.- Lugar

Piscina da Facultade de Ciencias da Actividade Física e do Deporte, no Campus de Bastiagueiro.

[Avenida Ernesto Che Guevara, 121, 15179 Oleiros, A Coruña](#)

3.- Data

24 de febreiro de 2026.

4.- Participantes

- Calquera persoa pertencente á comunidade universitaria dalgunha das tres universidades galegas.
- A inscrición realizarase na universidade de orixe de cada deportista.
- Cada Universidade poderá participar como máximo con catro deportistas por proba. No caso de existir máis solicitudes que prazas, terán prioridade os deportistas que acrediten mellores marcas en dita proba.
- Cada deportista como máximo poderá participar en dúas probas individuais á parte das probas de remudas nas que sexa seleccionado.
- Non se poderá mudar de proba durante o transcurso da competición.
- Nas probas de remudas cada universidade poderá inscribir dous equipos por proba, o ser probas mixtas, é necesario que sexan a metade dos integrantes da proba de cada sexo en cada un dos equipos.
- Cada proba deberá ter como mínimo tres persoas inscritas. De non ser así poderase eliminar do programa.

5.- Información

A información para os representantes das universidades pode acadarse:

- Nas oficinas da Área de Deporte no Campus de Elviña.
- No correo electrónico a.gmosquera@udc.es.
- No teléfono 881011903.

6.- Inscricións

- O prazo de inscrición remata o mércores 18 de febreiro ás 14:00 horas.
- Os deportistas da Universidade da Coruña deberán facer a súa inscrición a través da aplicación UDC XEST.
- Os servizos de deportes da Universidade de Vigo e da Universidade de Santiago enviarán un correo electrónico coa folla de inscrición dos seus participantes a a.gmosquera@udc.es.

7.- Seguro

- Toda a información sobre os centros do seguro escolar pode atoparse na seguinte ligazón:

<https://www.udc.es/es/sape/seguros/>

- Alumnado de 28 anos ou máis, PAS, PDI, ou Persoal equiparado por convenio.

Tipo de cobertura: segundo o establecido de maneira específica por parte de cada unha das universidades.

8.- Acreditacións

As acreditacións faranse na mesma piscina o mesmo día da competición. Cada participante deberá presentar DNI, pasaporte ou carné de conducir en vigor.

9.- Horarios

10:00 a 11:15 Chegada de delegacións, acreditacións e quecemento.

11:30 a 13:00 Desenvolvemento das probas.

13:15 Entrega de trofeos.

10.- Regulamento técnico

10.1. Sistema de competición:

- Todas as probas faranse en contra-reloxo.
- A toma de tempos será manual, e realizada por xuíces/as da FGAN.
- A FGAN establecerá as series segundo o número de inscritas/os.

10.2. Sistema de puntuación e clasificación:

- Para a clasificación final por universidades computarán os 2 primeiros/as clasificados/as por proba e categoría de cada universidade coa seguinte puntuación por orde de chegadas:
- 9,6,4,3,2 e 1 punto.
- Para as probas de remudas puntuarán: 18,12,8,6,4 e 2 puntos.
- No caso de igualdade de tempos daráselle a ambos a puntuación que corresponda ao mellor clasificado.

10.3.- Normativa Xeral:

- O desenvolvemento do campionato farase de acordo con este regulamento.
- Para todo o que non veña regulado nos apartados anteriores aplicaráselle a normativa da Federación Galega de Natación.
- A clasificación neste campionato non outorga dereito a participación noutras competicións.

10.4.- Categorías:

- Absoluta feminina.
- Absoluta masculina.

10.5.- Orde das probas

Orde	Proba
1ª	4×50 libre mixtos
2ª	50 bolboreta feminino
3ª	50 bolboreta masculino
4ª	50 costas feminino
5ª	50 costas masculino
6ª	50 braza feminino
7ª	50 braza masculino
8ª	50 libres feminino
9ª	50 libres masculino
10ª	200 libres feminino
11ª	200 libres masculino
12ª	100 bolboreta feminino
13ª	100 bolboreta masculino
14ª	100 costas feminino
15ª	100 costas masculino
16ª	100 braza feminino
17ª	100 braza masculino
18ª	100 libres feminino
19ª	100 libres masculino
20ª	100 estilos feminino
21ª	100 estilos masculino
22ª	4x50 estilos mixtos

11. – Arbitraxe

Os xuíces e xuízas serán designados pola Federación Galega de Natación.

12.- Comité de competición

Estará integrado por unha persoa representante de cada universidade e contará coa participación do/da xuíz/xuíza árbitro.

13.- Entrega de premios

A entrega de premios farase na propia piscina unha vez rematada a competición.

14.- Comida

A Universidade da Coruña entregará a cada participante unha bolsa cun bocadillo, unha peza de froita e auga. Na folla de inscrición farase mención, se fora o caso, da participación de persoas alérxicas ou intolerantes